

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, O INSTITUTO TECNOLÓXICO DE MATEMÁTICA INDUSTRIAL (ITMATI), O CLUSTER TIC GALICIA E O CLUSTER DE TURISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DO DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DUNHA FERRAMENTA DE XESTIÓN E AXUDA Á TOMA DE DECISIÓNS EN HOTELERÍA (HOXEGAL)

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, en calidade de presidente da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, que dispón o seu nomeamento como conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012.

Doutra parte, o **Consortio Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (en diante, ITMATI)**, con CIF S1500111 H, e domiciliado en Pazo de San Xerome – Praza do Obradoiro, s/n, 15782-Santiago de Compostela, e no seu nome e representación Dña. Peregrina Quintela Estévez, Directora de ITMATI, segundo a delegación de competencias efectuada polo Consello de Goberno de ITMATI e polo Presidente de ITMATI, en data 25 de marzo de 2013, de acordo aos estatutos de ITMATI publicados o luns 4 de marzo de 2013 no Diario Oficial de Galicia, segundo resolución do 18 de febreiro de 2013 dos reitores das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, facendo uso do



Poder outorgado ao seu favor con data 30 de novembro de 2017, ante o Notario de Santiago de Compostela Dña. Inmaculada Espiñeira Soto, co número 2321 do seu Protocolo.

Doutra parte, D. Antonio Luis Rodríguez Del Corral, en calidade de presidente do **Clúster TIC Galicia (en adiante Clúster TIC)**, con CIF G70157581, e domicilio a efectos de notificacións no Edificio Centro de Emprendemento, Cidade da Cultura-Monte Gaiás. 15707 Santiago de Compostela, A Coruña, elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral Extraordinaria do Clúster TIC Galicia do 4 de maio de 2017 e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 55 dos estatutos da entidade..

E doutra, D. Cesáreo González Pardal, en calidade de Presidente da **Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (en adiante, CTG)**, con NIF G70377338, e domicilio a efectos de notificacións no Espazo Coworking: Emprende Cultura Gaiás. Cidade da Cultura de Galicia. 15707 Santiago de Compostela, A Coruña, elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral Extraordinaria do CTG do 1 de outubro de 2018, e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 19 dos estatutos da entidade. .

As partes recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración, a cuxos efectos

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.



Entre os seus obxectivos básicos atópase a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora de competitividade das empresas turísticas e a valorización do recursos turísticos, tal como establece o artigo 2 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro.

SEGUNDO.- Que o ITMATI é un consorcio público constituído polas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo o 7 de febreiro de 2013, como entidade sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica de seu (artigos 1 e 5 dos referidos estatutos), ao amparo do artigo 118 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que desenvolve actividades de Transferencia de Tecnoloxía, Formación, Investigación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico, estando interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo.

A súa principal misión consiste en contribuír ao fortalecemento e potenciación da competitividade no entorno industrial e empresarial, apoiar a innovación no sector produtivo mediante o logro da excelencia na investigación e o desenvolvemento de tecnoloxía matemática avanzada orientada á transferencia e á industria.

Para a consecución dos seus fins, o ITMATI ten, entre outras, as seguintes atribucións (artigo 7 dos seus estatutos):

- A realización de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento e innovación tecnolóxica propios ou en cooperación con empresas, universidades e centros públicos de investigación ou outras entidades, co obxectivo de xerar e difundir coñecemento tecnolóxico.
- A realización de proxectos de I+D+i encargados directamente por empresas ou outras entidades de natureza xurídica pública ou privada, que permita maximizar a aplicación do coñecemento xerado polo ITMATI ou polos membros do Consorcio.





- A realización de servizos de asesoramento tecnolóxico no ámbito da matemática industrial.
- A colaboración na transferencia de resultados de investigación entre os organismos públicos e privados de investigación e as empresas.
- A promoción de actividades de impulso da transferencia, cara á industria, do coñecemento e da tecnoloxía desenvolvida polo consorcio e nos grupos de investigación asociados a este.
- A promoción de actividades e servizos de dinamización e concepción de proxectos de investigación e desenvolvemento orientados á innovación.

TERCEIRO.- Que o Clúster TIC é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro que integra ás empresas, así como ás entidades de investigación e innovación e outras organizacións, en procesos de cooperación que permitan obter beneficios derivados da aplicación de accións e proxectos colaborativos e acadando unha masa crítica que permita fortalecer a competitividade internacional e a visibilidade do sector.

Os obxectivos CLUSTER TIC, tal e como recollen os seus Estatutos, son a relación e cooperación entre as entidades asociadas na defensa xeral dos seus intereses e os intereses do sector das TIC, con especial incidencia nos seguintes aspectos e obxectivos:

- Desenvolver as accións que máis potencien as capacidades das empresas asociadas, en especial, as de promoción e colaboración de todo tipo de actuacións que permitan a mellora do sector TIC galego, en especial no relativo á busca de novas fontes de financiamento, novos produtos e novos mercados, apoiándose en actividades de innovación e actividades de I+D.
- Xerar alianzas entre as empresas co dobre obxectivo de elevar o nivel competitivo dos produtos e servizos TIC galegos nos mercados estatais e internacionais.





- Desenvolver todo tipo de accións para favorecer o incremento da competitividade dos asociados.
- Representar aos asociados ante Institucións, administracións e medios de comunicación.

Para o logro dos seus obxectivos, a asociación desenvolverá todas cantas actuacións leven á consecución dos seus obxectivos e actuará ante as administracións públicas, corporacións de toda orde, entidades privadas e empresas e particulares, no ámbito que en cada momento sexa preciso.

CUARTO.- Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

QUINTO.- Que o Plan Estratéxico do Turismo 2020, establece como Reto 3: Proxección nacional e internacional do destino.

Mellorar a captación de turistas e a súa fidelización, así como a diferenciación do destino en base a unha oferta segmentada de calidade. Os procesos de innovación e a tecnoloxía serán motores de cambio no sector dentro dun mercado cada vez máis competitivo e diverso.

E a Liña estratéxica 11: Innovación turística e novas tecnoloxías. Smart Turismo:



O crecemento do turismo nos vindeiros anos vai parello ao desenvolvemento e aplicación do potencial tecnolóxico a este sector. Internet e os dispositivos móbiles transformaron o xeito de xestionar a relación co turista nos 5 últimos anos, e as posibilidades da economía colaborativa están a transformar os modelos de negocio, xurdindo novas oportunidades de xerar valor na experiencia dos turistas e aumentar o grao de satisfacción. Por outra banda, a capacidade competitiva dun sector, tamén o turismo, dependerá en grande medida da súa capacidade de innovación, amosando produtos e experiencias singulares e novedosas e onde a tecnoloxía xoga un papel fundamental ao redor de toda a cadea de valor.

Obxectivos estratéxicos:

1. Mellora do acceso de calidade a Internet
2. Comercialización e xestión mediante ferramentas TIC
3. Aproveitamento de internet para a comunicación e servizo ao turista
4. Demostración das tecnoloxías aplicadas ao sector turístico
5. Mellora do coñecemento do perfil do turista / peregrino

SEXTO.- Que a colaboración entre as partes asinantes responde ao interese común na promoción e posta en valor dos recursos turísticos da nosa Comunidade Autónoma, en concreto no desenvolvemento e implantación de novas tecnoloxías da información e das comunicacións que permitan coñecer os perfís e patróns de comportamento das persoas “turistas” o que sería un apoio importante á toma de decisións (nun sector tan específico e amplo como é o do turismo). Dispor de información sobre a xestión dos negocios hoteleiros, atendendo especialmente ás características dos clientes que reciben, pode ser de utilidade non só aos propios establecementos, senón que de xeito unificado, dita información serviría para o deseño de plans de promoción, ordenación e fomento do turismo, entre outras posibles actuacións.



SÉTIMO.- Que as entidades asinantes posúen un acceso aos datos e ao coñecemento con carácter exclusivo xa que Turismo de Galicia dispón na Área de Estudos e Investigación dunha serie de microdatos que son necesarios para realizar unha análise de big data, ITMATI posúe o equipamento e coñecemento matemático a nivel teórico que permite análises complexas e desenvolvemento de teorías e algoritmos con aplicación práctica que requiren o desenvolvemento dun proxecto de investigación, o clúster TIC desexa o desenvolvemento do sector das novas tecnoloxías en Galicia polo que fomenta estas actividades e facilita a participación e o coñecemento especializado dos seus asociados e o Clúster de Turismo como representante de todo o sector do turismo posúe os recursos tanto para ofrecer a implantación dos pilotos como para proveer de datos de calidade única ao tratarse de datos reais dos turistas nos propios establecementos.

Por todo o exposto, as partes formalizan este convenio de colaboración, atendendo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto e accións

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, o ITMATI, o Clúster TIC e o Clúster de Turismo, para o desenvolvemento do proxecto de “Deseño e implementación dunha ferramenta de xestión e axuda á toma de decisións en hotelería”(en adiante, HOXEGAL). O citado proxecto persegue o desenvolvemento e implantación da devandita ferramenta de xestión e axuda á toma de decisións no sector hoteleiro en Galicia, cun dobre obxectivo:

1. A ferramenta permitirá empresas hoteleiras (hoteis, albergues, casas rurais,...) dispoñer dun software para a automatización do inventario e a xestión das reservas e clientes (é dicir, dun PMS, Property Management System).
2. Os datos xerados polas empresas almacenaranse nunha base centralizada, cuxa explotación permitirá a xeración de informes estatísticos para os establecementos,



baseados na súa propia traxectoria e na doutros semellantes, así como informes estatísticos para a administración, que poidan apoiar a toma de decisións en ambos niveis

Cabe sinalar que este proxecto entronca directamente cos retos e prioridades establecidos na Estratexia Intelixente de Galicia (RIS3). En concreto, a prioridade 1.5 recolle a modernización do turismo a través do uso intensivo das TICs para acadar un sector turístico competitivo a nivel europeo baseado no turismo cultural e nos recursos naturais.

Segunda.-Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 40.000€ (IVE incluído), para a anualidade 2019, desglosado da seguinte maneira:

Concepto	Cantidade
Persoal	17.108,49€
Equipo	1.200,00€
Materiais	50,00€
Viaxes	100,00€
Empresa TIC	9.089,72€
Costes indirectos e gastos xerais da institución	5.509,64€
IVE (21%)	6.942,15€
TOTAL	40.000,00€

Do orzamento total, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades cun importe máximo de 40.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.640.0, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para Galicia para o ano 2019.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da devandita achega a favor do ITMATI, unha vez esta presente a documentación xustificativa establecida no presente



convenio. En todo caso, a achega da Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que o ITMATI obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.

Terceira.- Compromisos das partes.

1. Compromisos do ITMATI:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír a “Marca Turística de Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turgalicia.es/marca01s os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso. Así mesmo, deberá incluírse a marca Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”
- A coordinación do proxecto asumirase desde ITMATI, responsable do seguimento do proxecto, da convocatoria de reunións, da supervisión dos avances en cada unha das fases e



do control da documentación xerada e os entregables. De cada unha das reunións levantarase acta seguindo o modelo do Anexo I. Por parte de ITMATI actuarán como coordinadores do proxecto os investigadores adscritos Prof. Dr. Juan Manuel Viaño Rey Catedrático de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e a Profa. Dra. Rosa María Crujeiras Casais Profesora titular de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Santiago de Compostela.

2. A **Axencia Turismo de Galicia** comprométense a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través da realización do investimento previsto na cláusula segunda.

Así mesmo, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no proceso das accións coa facilitación dos microdatos que son necesarios para realizar unha análise de big data e que obran na súa Área de Estudos e Investigación. Igualmente aportará ao proxecto os coñecementos da citada Área e da Área de Innovación Turística.

3. O **Clúster de Turismo** facilitará os datos e aplicacións que posúen para a realización dun desenvolvemento a partir destes e a posibilidade de realizar probas con datos reais. Así mesmo, facilitarán a implantación para a realización dos pilotos en establecementos hoteleiros que se consideren adecuados para realizar a fase de probas.

4. O **Clúster TIC** facilitará o acceso as empresas especializadas en novas tecnoloxías para que acheguen o seu coñecemento e asesoramento nas distintas fases do proxecto, así como faciliten a tecnoloxía máis adecuada para a consecución dos fins deste convenio.

Cuarta.- Inexistencia relación laboral

A subscrición deste convenio non implica relación laboral de ningún tipo entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas que realizasen as actuacións obxecto do mesmo, de xeito que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.



Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Quinta.- Resultados conxuntos

O resultado elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración beneficiará a todas as partes asinantes e será de uso e titularidade común de todas elas.

Así mesmo no caso de ITMATI a cotitularidade tamén será compartida coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) en base ao Convenio de Colaboración para fixar o marco de participación das universidades membros do consorcio no mesmo, asinado o 24 de marzo de 2014

Calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Sexta.- Xustificación e pago

1º. A achega prevista na cláusula segunda será librada pola Axencia Turismo de Galicia previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, a través da seguinte documentación:



- Memoria explicativa técnica e económica da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio, e da publicidade da colaboración da Axencia Turismo de Galicia.
- Facturas xustificativas dos gastos realizados.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º. O prazo para a presentación da citada documentación xustificativa remata o **15 de decembro de 2019**.

3º. A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total inicialmente previsto neste convenio, sempre e cando se acade o obxecto do mesmo.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

4º. A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).



Sétima.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.



- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio.

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.



Asemade procederáse a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais datos recollidos no presente acordo no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo primeira.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo segunda.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Polo ITMATI

O presidente

A Directora

Román Rodríguez González

Peregrina Quintela Estévez

Polo Cluster TIC

Polo Cluster de Turismo

O presidente

O presidente

Antonio Rodríguez Del Corral

Cesáreo González Pardal





ANEXO I

MODELO DE ACTA

PROXECTO. DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DUNHA FERRAMENTA DE XESTIÓN E AXUDA Á TOMA DE DECISIÓNS EN HOTELERÍA
Data: Hora: Lugar: Asistentes:
Orde do día: -
Acordos adoptados - -
Documentación anexa á acta -

